

A REFORMA DA POLITICA AGRARIA COMUN



por Lidia Senra

A Reforma da Política Agraria Común que se aprobou en xuño do 92 foi feita para seguir salvagardando os intereses das grandes explotacións dos países ricos da CE, da agro-industria e dos intereses ligados ao comercio agrícola internacional (o agro-negocio).

A Reforma, vai supoñer un empeoramento con relación á situación anterior. Ao seguir poñendo límites ás producións, as agriculturas sen desenvolver como a nosa quedan imposibilitadas para facelo. A continua baixada dos prezos aos labregos deixa sen viabilidade á explotación agraria familiar, provocando ademais, a concentración da produción nas grandes explotacións de tipo industrial e nas zonas xa moi desenvolvidas o que vai xenerar maiores problemas de polución dos solos e das augas. Pola contra, as zonas que van perdendo a produción sofren un proceso de despovoamento, cun grande empobrecendo tanto económico como cultural, e ficando indefensas contra a entrada de proxectos especulativos e de extracción de recursos. As consecuencias afectan tamén no eido ecolóxico, aumentando a desertización e o risco de incendios forestais, a erosión, etc. O exemplo dos montes do Irixo e Paraño é ben clarificador.

Como alternativa, e dado que non poden consentir que nos despracemos a buscar traballo ás cidades, pretenden convertírnos aos labregos e labregas nunha especie de «parados verdes»; esto é, en cazadores de unhas «primas» que non veñen a ser máis que unha esmola coa que pretenden que malvivamos e tamén que nos dediquemos ao turismo rural, ao forestal, a artesanía,... Alternativas que ademais de apartarnos da actividade económica da agricultura, no noso país van supoñer unha nova agresión ao medio ambiente (eucaliptos, os campos de golf,...) e tamén unha maior escravitude para as mulleres que van ver incrementado o seu traballo atendendo o camping ou limpando o cuarto e todo esto

«PROPOÑEMOS UN MODELO DE PRODUCCIÓN EN ARMONÍA COA CONSERVACIÓN DO MEIO AMBIENTE....»

«A PAC VAI XENERAR LABREGOS E LABREGAS CADA VEZ MÁIS ARRUINADOS; UNHA ALIMENTACIÓN CADA VEZ MÁIS CARGADA DE RESIDUOS DE ABONOS QUÍMICOS, FITOSANITARIOS OU HORMONAS...»

para gañar catro perras para poder complementar a perda de renda debida aos baixos prezos.

Podemos resumir dicindo que a nova PAC vai xenerar labregos e labregas cada vez máis arruinados; unha alimentación cada vez máis cargada de residuos de abonos químicos, fitosanitarios ou hormonas; medio ambiente máis deteriorado; o medio rural cada día máis despoboado e as axudas estruturais para os países máis ricos e desenvolvidos.

Para o Sindicato Labrego Galego esta Reforma é unha catástrofe desde o punto de vista social, económico e do medio ambiente. Faise pois necesario unha nova PAC que garanta:

A redistribución a nivel europeo do dereito a producir.

A remuneración do traballo agrario mediante o establecemento de prezos mínimos ligados a volúmenes de produción por persoa activa.

Un modelo de produción en armonía coa conservación do medio ambiente, acometendo activamente a sobreintensificación a través de límites de cargas gandeiras, usos de adubos químicos, pesticidas, etc.; neste punto somos críticos coa implantación de impostos ecolóxicos, xa que novamente quen poida pagar vai poder contaminar e producir e para a explotación agraria vai supoñer un custo a maiores que a vai inviabilizar a favor da explotación de tipo industrial que seguirá acaparando produción, fondos e contaminación.

En definitiva a alternativa está en asegurar a sociedade unhas produtos agrarios sans, abundantes e de calidade que estean ao servizo das persoas e non do capital. ■

